

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 16 de decembro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ (PSG-PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP)

PATRICIA AGRAFOJO LOIS. (PP)

XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG)

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello MARGARITA FERNÁNDEZ SOBRINO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 16.10.2015 AO 11.12.2015.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE ACCION SOCIAL 2015 (PAS 2015).

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2016 (POS 2016).

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2015.

6º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2015.

7º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2015.

8º) MOCIÓNS.

1º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 16.10.2015 AO 11.12.2015.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben.

16.10.15.- Aprobar a conta xustificativa da subvención: promoción do uso da lingua galega, subvencionada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

19.10.15.- Denegación dunha axuda de emerxencia social a veciño deste Concello.

19.10.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Vodafone Ono, S.A.U).

19.10.15.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 20 de outubro.

19.10.15.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

20.10.15.- Desestimación do recurso de reposición interposto por Gesfa 2010, S.L. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 16.09.2015.

20.10.15.- Extinción do servizo de Xantar na Casa a unha veciña.

21.10.15.- Alta dun veciño no servizo de axuda no fogar.

22.10.15.- Aprobación das liquidacións das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 20 de outubro.

22.10.15.- Devolución de ingresos a unha veciña por importe de 80 €.

22.10.15.- Devolución de ingresos a unha veciña por importe de 80 €.

22.10.15.- Traslado do expediente de baixa de oficio ao Consello de Empadramento para que emita informe.

23.10.15.- Incorporacións e baixas nas actividades de prevención e inserción para o curso 2015-16.

26.10.15.- Autorizar o uso do teleclubes da Luaña os sábados para realizar un curso de mecanografía - informática.

26.10.15.- Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o 27 de outubro.

26.10.15.- Aprobación da certificación da obra de mellora e mantemento de pistas no Concello de Brión, Tremo - O Cabo, Piñeiro - Sanín, A Graña, por importe de: 44.128,67 euros, IVE incluído.

26.10.15.- Ratificación do acordo en materia de permisos particulares e vacacións do persoal.

27.10.15.- Aprobación das liquidacións das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 27 de outubro.

28.10.15.- Designación dos lugares para a colocación gratuíta de carteis de propaganda electoral para as eleccións xerais de 20 de decembro.

28.10.15.- Designación dos locais oficiais para celebración de actos de propaganda electoral dos partidos políticos para as eleccións xerais de 20 de decembro.

28.10.15.- Pago de nóminas do mes de outubro.

28.10.15.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 27/2015.

28.10.15.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 28/2015.

28.10.15.- Devolución de ingresos a unha veciña polo importe de 40,00 € polo prezo público correspondente a actividade de baile moderno.

28.10.15.- Devolución de ingresos a unha veciña pola actividade de manualidades por un importe de 40,00 €.

28.10.15.- Devolución de ingresos a unha veciña pola actividade de baile galego e pandeireta por un importe de 120,00 €.

28.10.15.- Requirimento á empresa Conforocio Consultora SL da documentación para a adxudicación do contrato escolas deportivas e supervisión do campo de fútbol municipal 2015/2016.

28.10.15.- Ingreso de 98,85 € a favor do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución núm. 1 de Negreira por cumprimento dun embargo a un traballador.

28.10.15.- Ingreso de 25,96 € a favor da Seguridade Social por cumprimento dun embargo a unha traballadora.

28.10.15.- Recoñecemento de trienios a dous laborais.

29.10.15.- Aprobación da conta xustificativa do convenio Vacacións en Paz 2015 consistente en sufragar os gastos derivados dos billetes de avión de nenos e nenas saharauís.

29.10.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 14.607,84 €. (Gas Natural Servicios SDG, S.A.).

29.10.15.- Devolución de aval pola obra de vivenda unifamiliar no lugar de Guitiande.

29.10.15.- Aprobación de liquidacións do recibo do padrón do lixo anos 2012, 2013 e 2014 a unha veciña.

29.10.15.- Aprobación de liquidacións do recibo do padrón do lixo anos 2012, 2013 e 2014 a un veciño.

29.10.15.- Aprobación de liquidacións do recibo do padrón do lixo anos 2012, 2013, 2014 e 2015 a un veciño.

29.10.15.- Aprobación de liquidacións do recibo do padrón do lixo ano 2015 a un veciño.

29.10.15.- Aprobación de liquidacións do recibo do padrón do lixo ano 2015 a un veciño.

29.10.15.- Aprobación de liquidacións do recibo do padrón do lixo ano 2015 a un veciño.

29.10.15.- Aprobación de liquidacións do recibo do padrón do lixo anos 2014 e 2015 a un veciño.

29.10.15.- Aprobación de liquidacións do recibo do padrón do lixo anos 2014 e 2015 a unha empresa.

30.10.15.- Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o 3 de novembro.

30.10.15.- Adxudicación por contrato menor á empresa Electricidad Cruceiro, S.L. a prestación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de iluminación pública por un prezo de 13.693,12 euros, IVE incluído.

30.10.15.- Prorrogar o contrato privado de aluguer dun inmovible á empresa Electricidad Cruceiro, S.L.

30.10.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 62,86 € (anuncio BOP).

30.10.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 61.972,44 €. (facturas varias).

03.11.15.- Altas no padrón de habitantes do mes outubro.

03.11.15.- Baixas no padrón de habitantes do mes outubro.

03.11.15.- Autorización de substitución das melloras a executar no ano 2014 no cumprimento do contrato de servizos: reparación e mantemento do material do alumeadado público do Concello de Brión.

06.11.15.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a un veciño.

06.11.15.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

09.11.15.- Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o 10 de novembro.

10.11.15.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de novembro de 2015.

10.11.15.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de outubro de 2015.

10.11.15.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de outubro de 2015.

10.11.15.- Requirimento de limpeza dunha finca no lugar de Trasouteiro.

10.11.15.- Remisión da liquidación das costas xudiciais de acordo ca execución de títulos xudiciais 30/2013 polo importe de 1.441,26 €

10.11.15.- Remisión da liquidación das costas xudiciais de acordo co Decreto nº 81/2015 de data de 27.07.2015 por importe de 150 €

10.11.15.- Remisión da liquidación das costas xudiciais de acordo co Decreto nº 433/2015 de data de 22.09.2015 polo importe de 1.260 €.

11.11.15.- Remisión dun expediente ao Xulgado contencioso - administrativo nº 1 da Coruña, polo recurso interposto pola empresa Urban Servicios Inmobiliarios S.L. contra a resolución pola que se lle impón unha cuarta multa coercitiva.

11.11.15.- Personación no procedemento citado anteriormente encomendando a defensa e representación ao Letrado Carlos Abal Lourido.

12.11.15.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2015.

12.11.15.- Aprobación do proxecto de ampliación de cunetas e rede municipal de pluviais en Lamiño e Liñares, parroquia de Brión, e solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña.

12.11.15.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de novembro.

12.11.15.- Presentación de autoliquidación complementaria referida a retencións e ingresos a conta do IRPF.

13.11.15.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 10 de novembro.

13.11.15.- Estimación do recurso de reposición interposto contra a liquidación do imposto de construcións, instalacións e obras emitida polas obras de: instalación de obradoiro artesanal de panadería.

13.11.15.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 29/2015.

13.11.15.- Renovacións no programa de axudas ao transporte.

13.11.15.- Contratación dunha educadora para a realización da substitución dunha traballadora da gardería municipal.

16.11.15.- Concesión dunha axuda de emerxencia a un veciño.

16.11.15.- Requirimento á empresa Axiña Servicios Deportivos SL da documentación para a adxudicación do contrato escolas deportivas e supervisión do campo de fútbol municipal 2015/2016.

16.11.15.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 17 de novembro.

17.11.15.- Aprobación do expediente de contratación e pregos do contrato de servizos de gabinete de comunicación do Concello.

17.11.15.- Declaración de caducidade da inscrición no padrón municipal dun veciño por non ter renovada a súa inscrición padronal.

17.11.15.- Declaración de caducidade da inscrición no padrón municipal por non ter renovada a súa inscrición padronal.

17.11.15.- Solicitude á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención para a realización das obras: ampliación de cunetas e redes pluviais no Concello de Brión, por importe de 113.417,51 euros.

17.11.15.- Cesión á Federación Galega de Municipios e Provincias o dereito de cobro por un importe de 81.000 € en concepto da subvención concedida pola realización de 36 ha de tratamentos silvícolas de carácter preventivo.

17.11.15.- Devolución de avais á empresa Multiocio Brión SL polo contrato de alleamento de parcelas Ñ e Q.

17.11.15.- Aprobación da facturación correspondente ao aluguer do local a Electricidad Cruceiro SL.

17.11.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Vodafone Ono, S.A.U).

17.11.15.- Liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 17 de novembro.

18.11.15.- Denegación da prórroga do contrato do servizo de: mantemento e limpeza de contedores soterrados do Concello de Brión instalados en Santa Minia e Monte Balado.

19.11.15.- Convocatoria de sesión extraordinaria do Pleno a celebrar o 24 de novembro.

20.11.15.- Incoación de expediente para a recuperación da posesión do camiño público na aldea de Vilar, indebidamente ocupada por un muro de peche situado fóra da aliñación.

20.11.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 112.977,63 euros (facturas varias).

20.11.15.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 7.861,38 euros (facturas varias).

20.11.15.- Confirmación das prazas nas actividades extraescolares, deportivas e culturais durante o curso 2015-2016

24.11.15.- Incoación expediente de reposición da legalidade pola realización dunha actividade de alugueiro da edificación sita en Aguiar, sen contar con licenza nin comunicación previa de inicio de actividade.

26.11.15.- Aprobación do expediente e pregos de cláusulas administrativas e técnicas da contratación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación do contrato de servizos de axuda no fogar (SAF).

26.11.15.- Declaración de deserta da licitación do procedemento de contratación do servizo de: escolas deportivas e supervisión do campo de fútbol do Concello de Brión.

26.11.15.- Inicio procedemento sancionador de tráfico.

27.11.15.- Ingreso de 98,85 € a favor do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución núm. 1 de Negreira por cumprimento dun embargo a un traballador.

27.11.15.- Ingreso de 25,96 € a favor da Seguridade Social por cumprimento dun embargo a unha traballadora.

27.11.15.- Recoñecemento de trienios a un funcionario.

27.11.15.- Pago de gratificacións a un traballador.

27.11.15.- Pago de nóminas.

30.11.15.- Altas no padrón de habitantes do mes novembro.

30.11.15.- Baixas no padrón de habitantes do mes novembro..

30.11.15.- Estimación dun recurso de reposición interposto contra a liquidación do recibo da taxa de recollida do lixo dun inmovible situado en Urb. Agro Novo.

30.11.15.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 1 de decembro.

30.11.15.- Aprobación da conta xustificativa da subvención en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, da actuación desde o día 01.01.2015 a 30.11.2015.

01.12.15.- Designación dos membros da policía local deste Concello que participarán no proceso electoral do vindeiro 20 de decembro.

01.12.15.- Paralización de obras de construción de galpón en Forxán - Viceso.

01.12.15.- Desestimación de recurso de reposición interposto contra a paralización de obras de ampliación e reforma dunha edificación en Soigrex, Os Ánxeles.

01.12.15.- Acordo de demolición de obras de ampliación e reforma dunha edificación en Soigrex, Os Ánxeles.

02.12.15.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 1 de decembro.

02.12.15.- Declaración de aprobación definitiva de acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 12 T reguladora da taxa pola subministración de auga.

02.12.15.- Declaración de aprobación definitiva de acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 1-I reguladora do imposto sobre bens inmobles.

02.12.15.- Declaración de aprobación definitiva de acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

02.12.15.- Declaración de aprobación definitiva de acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

02.12.15.- Declaración de aprobación definitiva de acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal número 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

- 02.12.15.- Declaración de aprobación definitiva de acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal nº 20-PP reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.
- 02.12.15.- Concesión de axuda de emerxencia social a un veciño.
- 03.12.15.- Liquidación dunha taxa a un veciño por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana ano 2015.
- 03.12.15.- Incorporación dun veciño ao servizo de axuda no fogar básico.
- 03.12.15.- Inicio procedemento sancionador de tráfico.
- 04.12.15.- Devolución de aval á empresa Segade Saelco SA polas obras de substitución de poste de tendido eléctrico en Casaldoeiro.
- 04.12.15.- Devolución de avais á empresa Gas Galicia por obras de acometida.
- 04.12.15.- Devolución de avais á empresa R Cable y Telecomunicaciones de Galicia SA por obras de canalización.
- 07.12.15.- Solicitud dunha subvención de 10.000,00 € para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2016.
- 10.12.15.- Compensación da cantidade de 23.865,69 euros en concepto de liquidacións do imposto sobre bens inmoables, liquidación do imposto sobre actividades económicas, e taxa por servizos e actividades relacionados coa hixiene urbana, do ano 2015, á entidade mercantil Urban Portfolio Inmobiliario S.L, Urban Servicios Inmobiliarios S.L e Urban Alkirá S.L.
- 11.12.15.- Convocatoria de comisións e Pleno ordinario a celebrar o 16 de decembro. O Pleno toma coñecemento.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 10.12.2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidade, en sesión do 15.12.2015, que transcrita di:

O Pleno do Concello de Brión na sesión celebrada o día 21 de outubro de 2015 aprobou inicialmente a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola utilización da piscina e demais instalacións deportivas municipais.

O acordo provisional foi publicado no BOP número 204, do 26 de outubro de 2015, expoñéndose no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de trinta días hábiles.

O día 1 de decembro de 2015 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia escrito de alegación contra a dita ordenanza. O escrito é presentado por Don Víctor Ignacio Fernández Martínez con DNI 2706932-Q, quen di actuar en nome e representación do Clube Deportivo Veteranos de Fútbol de Brión.

As alegacións recollidas no escrito presentado neste concello por Don Víctor Ignacio Fernández Martínez, refírense a unha das bonificacións recollidas no artigo 5 da ordenanza fiscal, concretamente á bonificación do 100% do prezo público para os *“Clubes deportivos do Concello inscritos no rexistro de entidades do Concello, federados e que participen en competicións oficiais federadas, para a utilización de calquera instalación deportiva municipal, para actividades vinculadas ca súa disciplina deportiva”*.

Alega Don Víctor Fernández Martínez que a bonificación prevista é contraria á igualdade porque supón unha discriminación para o Clube Deportivo Veteranos de Fútbol de Brión que viña gozando dunha bonificación do 100% no uso das instalacións deportivas municipais, que ao limitarse a entidades federadas deixaría de aplicárselle. Así mesmo considera que a súa entidade non debería ser discriminada por contar coas suficientes garantías legais de carácter

administrativo e asegurador, para ser equiparada igualmente con outras competicións oficiais federadas.

A vista do informe emitido pola intervención municipal e que consta no expediente a bonificación non resulta contraria ao principio de igualdade, entendendo tal principio non como un dereito a ser equiparado a calquera individuo sen distinción das circunstancias, senón que o principio de igualdade o que supón é o dereito a esixir que non se fagan diferenzas entre dúas ou máis persoas que se atopen na mesma situación xurídica ou en condicións idénticas, polo que non se pode pretender un trato igual cando as condicións son desiguais. Neste caso concreto a bonificación prevista será de aplicación a todas as entidades que cumpran os requisitos establecidos na ordenanza e soliciten a súa aplicación (estar inscritos no rexistro de asociacións do Concello e estar federados), os requisitos están definidos de forma clara e a bonificación prevista responde tal e como se recolle na providencia da Alcaldía de inicio do expediente ao fomento do deporte federado para aquelas entidades federadas que compitan de forma oficial.

Por todo o exposto, e non sendo contraria ao principio de igualdade a bonificación recollida no artigo 4 da ordenanza fiscal do prezo público pola utilización da piscina e demais instalacións deportivas municipais, propónse ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

1º) Desestimar a alegación presentada polo Clube Deportivo Veteranos de Fútbol de Brión con CIF: G70164744, contra o acordo de aprobación inicial da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola utilización da piscina e demais instalacións deportivas municipais.

2º) Aprobar definitivamente a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola utilización da piscina e demais instalacións deportivas municipais.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE ACCION SOCIAL 2015 (PAS 2015).

Dada conta da proposta da alcaldía do 11.12.2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 15.12.2015, que transcrita di:

Vista a comunicación para a elaboración do Plan de acción social 2015 remitida pola Deputación provincial da Coruña, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada

aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR (CUBERTA E TRASDOSADO DAS FACHADAS) DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO EN LAMIÑO. CONCELLO DE BRIÓN	66.554,96 €	0	66.554,96 €
OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE, SITO NA AVENIDA DE SANTA MINIA, PEDROUZOS. CONCELLO DE BRIÓN	32.887,09 €	0	32.887,09 €
INSTALACIÓN DE PAVIMENTO CONTINUO DE DOUS PARQUES INFANTÍS, SITOS NA URBANIZACIÓN "DEVESA DA GÁNDARA" E "MONTE DEVESA", DA PARROQUIA DOS ANXELES	32.783,35 €	0	32.783,35 €
OBRAS DE MANTEMENTO DE CAMIÑOS DE GUISANDE Á ESTRADA XERAL (AC-300)	66.591,70 €	0	66.591,70 €
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	198.817,10 €	0	198.817,10 €

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
OBRAS DE AMPLIACIÓN DE REDES MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NAS ALDEAS DE CORUXIDO E BASTAVALIÑOS, PARROQUIA DE BASTAVALES	71.398,36 €	0	71.398,36 €
OBRAS DE MANTEMENTO DE CAMIÑOS NAS ALDEAS DE BABENZO, BALIÑO E ALQUEIDÓN	49.209,65 €	0	49.209,65 €
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	120.608,01 €	0	120.608,01 €

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento
----------------------	------------	----------	-----------

			total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	198.817,10 €	0	198.817,10 €
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	120.608,01 €	0	120.608,01 €
T O T A L	319.425,11 €	0	319.425,11 €

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de <u>carácter social</u>	Orzamento
OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA DA ENVOLVENTE EXTERIOR DO PAVILLÓN DE PIRAGUISMO NO LUGAR DE "PONTE DO BICO" EN SANTA MARÍA DE ONS, CONCELLO DE BRIÓN	88.182,05 €
TOTAIS	88.182,05 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que imos votar a favor, pero sería interesante un certo consenso previo antes das comisións informativas; que está claro que vostedes teñen maioría e actúan consonte á mesma e xa está, que todas as obras son necesarias e do outro xeito poderíamos cambiar algo.

O Sr. Alcalde sinala que somos conscientes que temos maioría, e que somos os que máis coñecemos e sabemos das necesidades, pero non estamos pechados a que calquera grupo presente algunha obra, non teríamos inconveniente en tratalo ou discutilo, non teríamos problema en chegar a acordos sempre que fosen actuacións necesarias como son estas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2016 (POS 2016).

Dada conta da proposta da alcaldía do 10.12.2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 15.12.2015, que transcrita di:

Vista a comunicación para a elaboración do Plan de obras e servizos do 2016 remitida pola Deputación provincial da Coruña, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión, aldea de Goiáns, aldea de Ombre, aldea de Vilar e tramo de conexión con Esparís, así como o tramo entre Guitiande e Adoufe.	86.388,61 €	0	86.388,61 €
Proxecto de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Bastavales e Os Ánxeles	31.782,83 €	0	31.782,83 €

SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	118.171,44 €	0	118.171,44 €
--	--------------	---	--------------

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	117.631,89 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	117.631,89 €

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	118.171,44 €		118.171,44 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	117.631,89 €		117.631,89 €
TOTAL	235.803,33 €		235.803,33 €

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate: non se produciu.

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2015.

Dáse conta da información rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación de estabilidade e da regra do gasto correspondente ao terceiro trimestre de 2015, que xa foi remitida con anterioridade vía telemática ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, informándose que o Concello cumpre co principio de estabilidade orzamentaria así como coa regra do gasto.

O Pleno toma coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, relativa á execución ao terceiro trimestre do 2015.

6º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2015.

Dáse conta dos informes de intervención e tesourería sinalados correspondentes ao 3º trimestre de 2015 que xa foron remitidos con anterioridade ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, existindo unha factura pendente de recoñecer por importe de 91,43 euros..

O Pleno toma coñecemento dos informes emitidos pola intervención e pola tesourería municipais do 3º trimestre de 2015, en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

7º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2015.

Dáse conta do informe da intervención municipal do 29.10.2015 emitido ao abeiro do RD 635/2014 de 25 de xullo, sobre o período medio de pago no 3º trimestre do ano 2015 que é de 11,44 días.

O Pleno toma coñecemento.

8º) MOCIÓNS.

Non se presentou ningunha.

9º) ROGOS E PREGUNTAS

1. Preguntas por escrito formuladas polo grupo municipal do BNG:

1.- Chegadas estas datas onde se producen as vacacións dos máis pequenos e aínda é máis difícil a conciliación familiar entre a vida profesional e persoal cóstanos que en algúns concellos, asociacións e colexios realízanse actividades en prol de dita conciliación, tal e como se viñeron facendo no noso concello durante algúns anos e que tan ben acollidos foron polos veciños. Pensamos que é un tema moi importante para toda a veciñanza, para os que concilian e para os que non.

Cal é postura do noso concello en referencia a este tema. Hai previsión de facer algunha actividade, obradoiro, etc para os mais cativos. No mesmo intre cal é a previsión futura no referente: semana santa, verán... ?

Responde o Sr. Alcalde que durante anos de fixo iso, deixouse durante os últimos anos polo baixo número de solicitudes de rapaces, no 2013 moi importante, e no 2014 suspendeuse por falta de nenos, posto que eran menos de dez.; podemos pensar en moitas cousas, crise, etc; pretendemos recuperalos de novo e no orzamento de 2016 van partidas para intentar recuperalas e intentaremos que a xente se anime e participe.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que hai que ver iniciativas que sexan atractivas para que non se vaian a Santiago ou Bertamiráns, que non se perda iso porque é importante.

O Sr. Alcalde sinala que creo que as actividades ofertadas eran boas e a baixa demanda foi por outras cousas, así por exemplo en semana santa nunca tivemos nenos.

2 - Existen instalacións deportivas no noso concello que na nosa opinión e na de moitos veciños/as non están sendo utilizadas en todo o seu potencial, basicamente pola falta de mantemento das mesmas. Podiamos falar dalgunha mais pero concretamente estamos a falar das instalacións deportivas sitas en Chave da Ponte e Ons. Visitadas varias veces ditas instalacións por parte do noso grupo municipal podemos constatar que a situación é de un abandono importante.

Hai algunha previsión por parte do concello de arranxar ditas instalacións, e poñelas ao servizo dos veciños/as para o seu uso deportivo?

Responde o Sr. Alcalde que se me comenta vostede que instalacións son?

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o campo de fútbol de Ons e a pista de Chave de Carballo.

Sinala o Sr. Alcalde que o campo de fútbol de Ons é propiedade dos veciños e nós colaboramos nalgunhas cousas, pasei por alí por se falaban vostedes del e está precioso; está como os veciños cren que debe estar, eles o manteñen e nós colaboramos cando nos piden algo nos campionatos, etc.

En Chave de Carballo nós non temos nin coñecemento de que sexa instalación deportiva, quedou como terreo baldío nunha cesión de terreos que se fixo, o Concello colabora para que os rapaces xoguen alí ao fútbol, pero que non o temos como instalación deportiva, que amañoouse un pouco pero non é propiamente unha instalación deportiva.

O Sr. Alcalde remata desexando boas festas.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace.

José Luis García García

Javier Nieves González